



B.O.I.

BOLETÍN OFICIAL DE ITINERA

Nº 4 Nadal 2011

Exemplar gratuito

¡MENUDA TROPA!

A background photograph showing several people in a field, possibly engaged in a community activity or work. They are wearing jackets and some have backpacks. The field is covered with dry leaves and grass, and there are many bare, thin trees in the background, suggesting an autumn or winter setting. The text is overlaid on the upper half of the image.

EDITORIAL

Jaime Fraga

Páxina 2

O VALOR DO ESFORZO

Vicente Tedín Ares

Páxina 3

ÉRASE UNHA VEZ...

Ignacio Valverde, Presidente da Asociación Xaruma

Páxina 4

A GRAN SUPERPRODUCCIÓN

Redacción

Páxina 5

COMO ME ENROLEI NO IMPERIO GALÁCTICO

Esteban Ameijeras

Páxina 6

O MEU PISO, A MIÑA FAMILIA...

Manuel Varela Valiño

Páxina 7

COMPAÑEIROS

Germán Cortizo

Páxina 8

UNHA OLLADA RÁPIDA ÓS NOSOS PROGRAMAS

Páxina 9

LIBROS RECOMENDADOS NO CLUBE DE LECTURA

Páxina 10

HORARIO ACTIVIDADES

Páxina 10

Asociación_itinera@hotmail.com
Rúa República Arxentina, 22-5º esquerda
Teléfono de contacto: 685 990 448

Editorial

Alégrome de poder dirixirme de novo a vos, queridos lectores. Non temades, non vos vou falar da crise , nin do desemprego, nin do papel dos bancos na nosa economía, nin de política, nin de subvencións senón do que se pode acadar con ilusión e moito traballo. E quen máis sabe destas cousas na nosa asociación é o noso “comandante” coordinador de programas. Para él non é suficiente facer ben o seu traballo diario senón que sempre aspira a facelo cada vez mellor, buscar novas actividades, novas formas de financiación, novos colaboradores, etc. O tempo non existe. A mente está sempre alerta e o corazón presto. Por iso, creo que despois de seis anos de traballo, é importante recoñecer a súa ilusión a súa adicación e o seu traballo moito máis alá do esixible.

Entre os nosos logros principais e novedosos do 2010, ademáis de manter os dous pisos protexidos e o resto de actividades educativas, ocio e tempo libre, están as cinco persoas que acadaron o título de ESO . Actualmente temos cinco novos candidatos para acadar esta titulación, seis futuros graduados en bacharelato e prestamos apoio a tres estudantes universitarios.

Por outra banda, asinamos convenios de colaboración coa Asociación Xaruma , a asociación Tropa Korriban e o IES Compostela e a piques de asinar outro coa Asociación de Trastornos de Personalidade de Galicia, cos que manteremos unha estreita colaboración e iniciaremos novos proxectos.

Pero si falamos de proxectos, o proxecto estrela deste ano foi a realización dunha pequena película. Pequena en duración pero grande en talento. Recrea unha loita que aconteceu fai moitos anos, noutra galaxia, pero que sempre está de actualidade, porque, en realidade, trátase da loita entre o ben e o mal. Moitas grazas a todos os que colaborastes de forma desinteresada para que se puidera realizar e se poida estrear próximamente. Estade atentos.

E vos preguntaredes como podemos acadar esto co noso escaso presuposto. Como xa vos dixen con traballo, constancia, ilusión e a colaboración de moitos amigos. E ademais co apoio e consello dun ser que todos coñecedes: O maestro Yoda. Contactamos con él a través dun intercomunicador que apareceu en Merza durante o verán. ¿Non me credes? Non importa, co tempo veredes a luz e aprenderedes do voso erro.

De tódolos xeitos, convíдовos a ler as reportaxes que vos trouxemos este ano, son do máis estimulante.

Ata o ano que ven e que a Forza vos acompañe.

Jaime Fraga

O Valor do Esforzo



O programa Ágora xurdiu como resposta a necesidade que tiñan moitos usuarios de mellorar o seu nivel académico para aumentar as súas posibilidades de cara a unha futura incorporación laboral e para acadar unha eficaz e mellor integración social. Para isto a Asociación Itínera creou un dispositivo unicamente orientado a tal fin: Que todos os seus beneficiarios ascendesen un grao no seu nivel académico, sendo o mínimo o título da ESO.

A primeira fase deste proxecto consistiu en desenvolver as afeccións culturais dos participantes, incentivar a súa curiosidade intelectual e mellorar as disciplinas requiridas para o estudo dunha forma o máis divertida e amena posible. Foi neste intre cando creamos os programas de iniciación ó cine, o clube de lectura e o grupo de debate, que permitiron crear un ambiente propicio para que a xente caseque por contaxio quixera aprender máis.

No seguinte paso, localizamos os puntos febles, as habilidades

que tiñamos que mellorar para saber desenvolvernos no complexo mundo académico. Todos os asistentes deberían de ter noções básicas de informática e de inglés e o que non as coñecera aínda pasaría unha tempada nas clases de Antonio e Ángel, voluntarios que así, tamén quedaron ligados ó proxecto.

Por último buscamos ós profesores axeitados para cada materia e asignámoslle ós seus alumnos correspondente. As clases particulares apoiárianse noutros servizos como a dispoñibilidade de salas para o estudo, a rede wifi da Asociación ou a biblioteca.

Deste xeito, e o cabo de dous anos de proxecto, máis dunha ducia de alumnos lograron ou lograrán este curso o título da ESO, seis estudan o bacharelato e ademais damos apoio a varios estudantes universitarios que precisan un impulso para organizarse coas súas materias ou un empurrón para presentarse ós exames. Sen contar as cerca de setenta persoas distribuídas en-

tre o resto de actividades deste programa, que non para de medrar ano tras ano.

Grazas ó seu esforzo, ás horas de estudo diario que lle adican, ós fins de semana pechados en Merza antes dun exame, a súa ilusión e a súa coraxe, hoxe na Asociación nin temos persoas enfermas nin tampouco usuarios, hoxe xa temos alumnos.

Hola a todos, presentome con esta enerxía e boa actitude coa que nos reciben sempre nesta asociación de voluntariado. En Itinera fixeron que me valorara moito a mín mesmo e preparáronme para o meu futuro, como a moitos outros rapaces e rapazas, que se rehabilitan alí.

Eu estou a sacar a ESO. Este ano coido que rematarei o terceiro curso coa axuda dos profesores voluntarios e tamén do coordinador xa que sempre se as apañan para resolver calquer problema que lle comentes.

A axuda que me aportastes sempre a min en Itinera tanto a nivel de estudos como psicolóxicamente ata estar estable e sentirme ben conmigo mesmo se agradece para toda a vida.

Persoalmente dígovos a todos que vos teño moito afecto e no voso caso faría o mesmo polos demais xa que todas as persoas o merecen.

Unha forte aperta a todos.

Vicente Tedín

Érase unha vez.....

Por Nacho

unha Organización Mundial da Saúde (OMS) que daba conferencias, charlas, escribiu ponencias por todo o país informándolle a xente e as institucións que a saúde é o completo estado de benestar físico, mental e social e que porén non existe Saúde se unha das tres Dimensións non se atopa.

Érase unha vez a Xunta de Galicia que dicía que OMS tiña razón e non paraba de dicir que os compoñentes principais para a saúde mental son: benestar, competencia, autonomía, aspiración, autoestima, funcionamento integrado, axeitada percepción da realidade... e entón decidiu aprobar o Plan Estratéxico de Saúde Mental.

Érase unha vez un plan Estratéxico de Saúde Mental que fala de prever os problemas de saúde mental e favorecer a inclusión social das persoas. No informe de situación establécese como prioridades e necesidades asistenciais a atención a psicose e trastorno da

personalidade; promover e mellorar a participación do movemento asociativo relacionado co ámbito da saúde mental, promover e articular a participación do voluntariado no ámbito da saúde mental, promover plans e programas no ámbito da inclusión social, vivenda...pero a realidade é que ...non se leva ó cabo en moitos aspectos....

È por iso que decidimos dende a Asociación –Escola Xaruma por en marcha o proxecto de voluntariado **NATURAL-MENTE!**. Este proxecto promove a integración socio-comunitaria de persoas con enfermidades mentais por medio da realización de actividades diversas... e neste camiño de ir facendo o que a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais non fan atopámonos con vós os integrantes de **Itínera**, os profesionais, os usuarios, os voluntarios/as que coma nós ofertades esperanza e metas de mellora no noso itinerario diario.

Resultado de ese camiñar conxunto é que levamos xa dous anos compartindo inquedanzas, reunión e o campamento de verán en Merza como respiro familiar, o que nos axuda a coñecernos, compartir momentos entrañables, risas e sorrisos, practicar habilidades sociais e da vida cotiá. Dende Vigo pois a nosa admiración polo voso traballo e entrega, polas vosas inquedanzas e amizade, polos momentos de baño, de cocinar xuntos, de camiñar, de sentir ...de coñecer o sentir de cada un.... agradecer a oportunidade de ter compartido risas, chistes, charlas entorno o lume con Nicolás en con todos vós....esperando que isto se convirta nunha relación duradera é de apoio de iniciativas mútuas quedamos agardando con impaciencia os próximos momentos xuntos onde poidamos dicir**érase unha vez** unha Consellería de Servizos Sociais e outra de Sanidade comprometida plenamente coa Saúde.



A Gran Supe

Redacción

Atopábame eu matinando sobre a temática dos campamentos de verán... precisaba dunha idea orixinal e fácil de levar a cabo, que non me dera moito que facer, xa que en agosto, despois de todo o traballo acumulado do curso, non tiña a cabeza para moitas lérias. Un campamento adicado ó cine semellaba o que buscaba, proxeccións ó aire libre polas noites e polo día poderíamos grabar unha modesta película caseira coa videocámara, algo sinxelo sen preocupacións engadidas, así podería relaxarme na praia tódalas tardes tumbado ó sol de verán.....¡Inxenuo de min!

Precisaríamos de elementos de atrezzo, deste xeito, acudín a asociación "Tropa Korriban, Star Wars Galicia". Explíqueilles o meu plan; - "Quero rodar unha curtometraxe sobre StarWars cunha ducia de persoas que.."- "Encántanos a idea"- Dixeron eles sen darme sequera tempo a rematar-"Apunta vinte troopers para ese día, dous Jedis, un Sith, e dous Rebeldes". Quedei abraiado, sen dúbida leva-

ra máis do que ía buscar, pero por outra banda.. ¡A ver como lle explicaba eu ó tesoureiro que, de súpeto, para o primeiro campamento tería que darlle de comer a máis de cincuenta persoas!.

O equipo técnico foi máis sinxelo. Púxenme en contacto con Daniel González Portela. Fálaronme del coma unha especie de Stanley Kubrick do cinema independente galego. Cando lle contei a miña xenial idea, de seguido se decatou que dirixir esta película o poría a altura dos grandes xenios da sétima arte. Rodaríamos cunha cámara Steadycam valorada en máis de doce mil euros que él afana.. pediría emprestada e co seu correspondente "cameraman" da TVG o cal viría enganado dicíndolle que lle íamos pagar moitos cartos.

O día antes da rodaxe ninguén puido durmir, nin os que estabamos en Merza nin os que viñan doutras galaxias.

A filmación comezou ás nove da mañá. No día máis caluroso de todo o verán, alí estábamos nós,

trotando monte adiante cos nosos pesados uniformes durante toda a xornada. Entrábase e saíase de escea freneticamente azoutados polo director para cumprir co plan de rodaxe. Namentres as dúas co-ciñeiras afanábanse para alimentar a unha tropa enteira, os carpinteiros remataban os decorados das naves espaciais, o traballo conxunto e coordinado de medio centenar de persoas transformou por un día unha pequena casa reitoral nun enorme plató cinematográfico.


A xornada rematou preto das dez da noite, cando xa case non había luz para continuar. Celebramos a súa finalización cun churrasco no que participaron os membros das dúas asociacións amenizado polo visionado das tomas falsas na pantalla que tiñamos o aire libre. E así, a carón do lume, sen pretendelo, revivimos a derradeira escea da triloxía galáctica.

Actualmente estamos xa coa postproducción, isto é un feixe de traballo con efectos especiais, montaxe visual e de son.. Con moita ilu-



erproducción

sión, este inverno, presentaremos a nosa Obra Magna nos grandes festivais... San Sebastián, Cannes ou, se cadra, poida que teñamos que conformarnos cunha modesta sala nalgún Centro sociocultural da nosa cidade. O que sí temos seguro é que non deixaremos de soñar e no verán que ven rodaremos a segunda parte da nosa propia saga, porque agora a forza estará con noso para sempre.



Estaba despistado, imaxinando que orballaba, cando Carlos escomezou a falar duns traxes de Star Wars, ...e que podíamos acompañalo a velos. Así foi, unha semana despois estábamos metidos nun garaxe entre placas de plástico, cascos dos troopers e sacándonos fotos.

A idea non era outra que grabar un pequeno corto cun guión orixinal no noso campamento de verán en Merza. Os traxes de Star Wars eran dunha asociación que fai os seus desfiles por diferentes cidades, ademais de animar a nenos que están hospitalizados.

Pouco voltamos a falar do tema ata que chegou o verán, entón como quen non quere a cousa deronnos uns papeis co guión. Uns facíamos de soldados imperiais, outros de rebeldes, unha rampa de madeira serviría de nave, unha espada de plástico sería un láser, e no final da película chegaba ... teredes que ir vela para sabelo... ¡Xa tiñamos a película do verán!. Pero esta era especial, pola xente e polos medios con que íamos contar.

Chegou a calor o primeiro fin de semana de agosto e alí estaba eu, todo cuberto de plástico, desfilando, buscando rebeldes, disparando unha pistola láser... E claro, ¡pasando calor! A todos nos gustaba e puxemos empeño en facelo ben.

Ese fin de semana non había lugar para o cansancio, e tampouco para as preocupacións cotiás que ás veces tanto

nos amolan. Grabamos as primeiras secuencias na fervenza, realmente parecía outro planeta. Mirei o reloxo e eran cásese que as tres da tarde, non parara dende as dez da mañán. Deime conta do cansado que estaba... Despois, ao día seguinte, estábamos nunha carballeira aco-sando rebeldes...

Este verán tamén fora especial.



“Compañeiros”

Por Germán Cortizo



Por estas datas tiña lugar o meu primeiro encontro coma voluntario no programa medioambiental da asociación Itínera. Xa vai un ano disto... e mentras escribo estas liñas invádeme a extraña sensación de que algo do que acabo de escribir non encaixa... coma si se tratase do contido dunha verba en concreto. Se cadra estoume refirindo a voluntario.

Normalmente asociamos con voluntariado o interés por ofrecerse a realizar un traballo sin que nos veña imposto, a espontánea vontade de axudar desinteresadamente...ou calquera actitude xenerosa cara unha situación, persoa ou grupo delas. Nembargantes, no meu caso, non teño moi claro esta definición...porque non sei se fun eu quen axudou o meu grupo, ou foron eles os que me axudaron a min; non sei se fun o voluntario, ou eles, quen por propia vontade, decidiron compartir conmigo valores como a sinxeleza, o traballo en equipo, o compañeirismo., ou

incluso un simple sorriso, pero sempre con esa transparencia que a sociedade de hoxe en día se cadra relegou a un segundo plano.

Ó longo deste tempo foron moitos os momentos que compartimos xuntos, moitas as gargalladas que nos evadiron de tal xeito que o maior dos teus problemas convertíase por uns intres en mera trivialidade, arrastrándote a un sendeiro no que só importa o momento. Tamén foron moitas as pedras que movimos con esmero para construír pouco a pouco o noso lugar de encontro, o noso escondite... É por todo isto que considero oportuno replantexar ese concepto, e ó tempo, a maneira de entender esta asociación, que trascendeu moito máis alá.

Lembro o meu primeiro día. Atópabame nervioso, inquedo... pero o forte anhelo pola ocasión mantíñame expectante. Achegábase o encontro e na miña mente unha nube emitía preguntas como:

<<¿Qué digo ó chegar...? ¿Qué fago...? >>

Entón chegou o momento e todo foi tan sinxelo...Atopeime cun grupo de persoas que nin xulgaban ni esperaban ser xulgados... tan só se limitaban a ser eles mesmos. Así respostaron a todas as miñas preguntas e así o convertiron na súa mellor ensinanza.

Durante todo este tempo fúmonos empapando de valores namentres cortábamos polas baixo a choiva, namentres movíamos pedras para adornar o noso cobixo, ou namentres sacudíamos a lama das mans coas que construímos a ponte que nos uniu en máis dunha ocasión. Ilusión, alegría, humor, calma, satisfacción...demasiadas sensacións para plasmar por escrito, pero a suma de todas elas constitúe a razón pola que quero propor unha alternativa ó concepto mencionado ó inicio do texto. En lugar de voluntarios, a miña elección é compañeiros.

O Futuro

El sempre di que no seu oficio (fp2 mecánico industrial) as matemáticas son imprescindibles, e máis concretamente o teorema de Pitágoras. Gústalle falar, presumir cecais, do seu traballo (dos seus traballos como constructor de ascensores coma "Orona", que se montou o eixo traseiro dun camión "Man"), e do seu futuro, de que se ve coma un traballador en bruto. Por máis que eu lle digo que xa no século XVIII, un tal Malthus chegou a afirmar que o estado natural do home é un estado de preguiza e repouso, el é, claro, o que coido que agora se di proletariado. tal vez non sexa moi consciente da súa condición de "clase obreira", e eu calificaríao coma "clase dos traballadores", xa que esta afirmación conleva así unha cualificación e especialización.

O seu porvir aséntase así no traballo na fábrica: fresador onde faga falla. especialmente no extranxeiro, e a súa ilusión levoa ata Suíza... Coma bo galego de adopción, aspira a emigrar cara europa, lonxe dun país que non lle ofrece a oportunidade de esgotar as súas forzas e coñecementos por un sa-

lario. A min egoistamente non me gusta a industrialización. Aínda que o poder a uso pida máis industrias contaminantes para rematar co "paro", eu sigo a pensar que a industria supón o establecemento forte dun poder político, policíaco, mediático, económico e tecnolóxico que vai impedir un cambio social importante. Ou sexa, agardaremos e agardaremos unha eclosión que non se vai producir.

A súa vida sentimental é un grande misterio para min, aínda que eu persoalmente adiviño o seu destino no campo do amor. a bon seguro sentirá morriña...

El é Gerardo...

Viaxeí pola aldea sobretudo cando era meniño, e son do rural popular tradicional galego. xa Marx en 1881, dous anos antes da súa morte, chegou a admitir que as comunidades agrícolas experimentaban unha situación totalmente alonxada do capitalismo.

E estes son os sentimentos aos que me achega el, o segundo dos persoeiros desta historia. Home de corenta anos, xove do rural popu-

lar da estrada, estudante de economía na cidade olívica, interrogado sobre o seu porvir xa o ten claro: axudar á súa mamá nas labores do campo, e con máis ou menos "pasta" non traicionar ("deixar tirada") a que vaia ser futura nai dos seus fillos. Eu, cariñosamente, chámoo "Papi"...

El é Esteban...

El, cando sexa maior (ten vintecatro anos), gustaríalle rexentar unha tenda de cómics. é un amante acérrimo do Manga... recoméndolle sobretudo a lectura da historia de.... .., ese oriental de gran sabiduría. O amor a este mundo case o incita a apuntarse a clases de lingua xaponesa. E é gracias, sobretudo, ao ordenador, que accedeu a viñetas de "Naruto".

Interrogado acerca do seu futuro sobre os seus estudos universitarios, aparte de vender cómics (moito máis divertido dende logo que pasarse horas e horas no ordenador!)... recibo unha resposta lacónica: Historia...

El é Iago... sorte Iago!...

E o cuarto persoeiro son eu. E que especificar sobre o meu porvir?... A verdade non me gusta bucear nel, no porvir, e procuro case coma doutrina "Zen" vivir o momento, o instante dulce, o presente, deixándome arrastrar polas sensacións do pasado, e coma presente eses sentidos do futuro...

Pero, ¡que falo eu de futuro! O porvir xa está aquí... anida na barriga de Esperanza, a nosa compañeira, e medra amodiño para tomar posesión do niño aló pola primavera...

Gerardo, Esteban, Iago e eu somos a familia do piso protexido de Itínera no barrio de Fontiñas.

FIN



Unha breve ollada ós nosos programas

1. PROGRAMA ÁGORA O Programa "Ágora" consiste na creación dun centro de estudos para completar a formación académica e cultural dos usuarios que, pola irrupción da enfermidade, non puideron continuar os seus estudos ou, nalgún caso, non tiveron acceso a eles. Este programa inclúe as seguintes actividades.

GRUPO DE APOIO Ó ESTUDO. Clases de apoio para conseguir principalmente o graduado escolar ou outro título académico

Escola de Idiomas. Impartíronse clases de inglés e francés en niveles de iniciación e medio.

Desenvolvemento cultural. Creación de grupos de lectura e obradoiros de escritura e Iniciación ó cine. Este ano incorporamos un servizo de biblioteca.

Análise crítico e debate. Os usuarios traballan semanalmente sobre un tema de actualidade, sobre o cal investigan, sendo o seu material de traballo os xornais, revistas especializadas e internet. Cada un debe estudar un aspecto diferente da nova en cuestión, que se pon en común e se debate na clase seguinte.

Equipo de redacción. Os usuarios desenvolven as súas habilidades literarias, fotográficas e de deseño na edición dos novos números do B.O.I e no noso blog www.aditineris.blogspot.com

INFORMÁTICA. O seu obxectivo é introducir ós alumnos no eido das novas tecnoloxías. Tódolos alumnos deste programa aprenden a utilizar correctamente un ordenador ó final do mesmo. Impártense en tres niveis: Iniciación á informática, Ofimática básica (Word e Excell) e Internet.

2. PROGRAMA HEFESTOS Para o desenvolvemento de habilidades prelaborais.

EQUIPO MEDIOAMBIENTAL Consiste na formación de grupos de traballo ou cuadrillas de voluntarios para recuperar un espazo hoxe abandonado onde estaba o antigo cemiterio do Hospital Psiquiátrico de Conxo. No traballo realízase tanto a limpeza de camiños, muros, edificacións, paseos, e o seu mantemento constante.

3. PROGRAMA HERMES para desenvolvemento de actividades de ocio e tempo libre

PROGRAMA AMIGOS. É un programa de creación de rede social para persoas que carecen dela como consecuencia do illamento producido pola súa enfermidade. Ós usuarios solicitantes preséntaselles un ou dous voluntarios para que fagan de mediadores sociais e conecten ós participantes con outras actividades da asociación co fin de crear pandillas, ou desfruten de ambientes máis normalizados e desinstitucionalizados (cafeterías, cine, paseos...)

XORNADAS ACTIVAS DE FIN DE SEMÁN. Os sábados e domingos un grupo de rapaces acude á Casa

Rectoral de Merza no concello de Vila de Cruces nun exercicio de convivencia. O último día adícase ó sendeirismo e a excursións programadas a lugares de interese histórico ou cultural así como as distintas romerías populares ou exposicións da comarca que nos axuden a coñecer mellor o noso país. En verán organízanse campamentos temáticos de cinco días.

ARTES PLÁSTICAS Coñecer diversas técnicas e procedementos da plástica ó longo da historia da arte. Experimentación co debuxo técnico, modelado con barro e pintura, así como iniciación ao gravado, ao modelismo e á fotografía.

PROGRAMA TEATRAL PARA O HOSPITAL PSIQUIÁTRICO DE CONXO. Creación dunha pequena compañía teatral que ensaia varais veces á semana cón fin de estrear dúas obras ó ano en xuño e Nadal.

4. PROGRAMA LAR. O programa de desenvolvemento da vida persoal consiste nunha serie de actividades de carácter educativo encamiñadas a procura dunha vida autónoma e independente e o aprendizaxe e desenvolvemento das habilidades sociais imprescindibles para a mesma.

Para iso o programa constitúese en tres bloques:

BLOQUE I: Cociña. Adquirir coñecementos e habilidades para preparar diferentes comidas de forma autónoma. Á súa vez ofrecer un espazo de comedor, encontro e convivencia.

BLOQUE II: Actividades da Vida Diaria e Habilidades Administrativas. Conseguiar transmitir o maior número de habilidades que permitan a realización das actividades da vida diaria, e faciliten acadar unha maior independencia. Tamén adquirir coñecementos e habilidades para poder afrontar distintas situacións referidas a trámites económicos, burocráticos e/ou sociais, que poden resultar complexas.

BLOQUE III: Habilidades Sociais e Educación Sexual. Coñecementos básicos de cara a un desenvolvemento social integral axeitado e dunha sexualidade segura e responsable.

5. PROGRAMA HERACLES: É un programa adicado especificamente á xestión do voluntariado en Itínera. Inclúe:

- Accións de captación de voluntarios. Participación en feiras, congresos e redes sociais.
- Cursos de formación de voluntariado. Xenéricos ou específicos sobre saúde mental
- Actividades de xestión e coordinación cós voluntarios. Reunións bimensuais dos equipos de traballos cós membros doutras asociacións afíns onde os propios voluntarios se implican na xestión.

Libros do clube de lectura 2011

- A mecánica do corazón. *Mathias Malzieu*
- O home que puido ser rei e outras historias. *Ruyard Kipling*
- Crónica dunha morte anunciada. *Gabriel García Márquez*
- A cor da maxia. *Terry Pratchett*
- Sidharta. *Herman Hesse*
- Robinson Crusoe. *Daniel Defoe*
- O perfume. *Patrick Süskind*
- O xogo de Ender. *Orson Scott Gard*
- Indignádevos. *Stéphane Hessel*
- O poder do can. *Don Winslow*
- Polaroid. *Suso de Toro*
- Corto Maltés: A balada do mar salgado. *Hugo Pratt*
- Calvin e Hobbes. *Bill Waterson*
- O túnel. *Ernesto sábato*
- ¿Soñan os androides con ovellas eléctricas?. *Philip K. Dick*
- Néboa. *Miguel de Unamuno*
- Grandes esperanzas. *Charles Dickens*
- Soedades. *Antonio Machado*
- Frankenstein. *Mary W. Shelley*
- Enrugas. *Paco Roca*
- A lexión dos condeados. *Sven Hassel*
- Platero i eu. *Juan Ramón Jiménez*
- Apocalipse Z: O principio do fin. *Manuel Loureiro*
- Un traidor coma os nosos. *John le Carré*
- Don Juan Tenorio. *José Zorrilla*
- Lume do ceo. *César Vidal*
- Dez negriños. *Agatha Christie*
- Xogo de tronos. *George R.R. Martin*



Horario	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
11.00-12.00	INFORMÁTICA (C.S.C. Fontiñas)	INGLÉS Nivel Avanzado	INFORMÁTICA (C.S.C. Aurelio Aguirre) INGLÉS Nivel Medio	ARTES PLÁSTICAS (C.S.C. Fontiñas)	CLUBE DE LECTURA INGLÉS Nivel Básico	APOIO Ó ESTUDIO	XORNADAS ACTIVAS FIN DE SEMAN
12.00-14.00	APOIO Ó ESTUDIO	APOIO Ó ESTUDIO	APOIO Ó ESTUDIO	APOIO Ó ESTUDIO	APOIO Ó ESTUDIO LAR I: COCINA		
16.30-17.30	APOIO Ó ESTUDIO	ANALISE CRÍTICO INGLÉS Nivel Básico	INTERVENCIÓN MEDIOAM- BIENTE LAR III: HABILIDADES SOCIAIS	INICIACIÓN Ó CINE	FRANCÉS Nivel Básico e Medio	XORNADAS ACTIVAS DE FIN DE SEMANA	
17.30-19.00	INFORMÁTICA (CSC)	CORO	INFORMÁTICA (C.S.C.)	APOIO Ó ESTUDIO	LAR II: ACTIVIDADES DE VIDA DIARIA		



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



**SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE**



DEPUTACION DA
CORUÑA
www.dicoruna.es



Itínera

Voluntarios en saúde mental

